1. PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL - 2017

2. FINALIDADE

Programa de carácter preventivo que reúne accións e prestacións que fomentan a vida independente e o envellecemento activo das persoas maiores. Promove o seu benestar a través do fomento de redes básicas de relación coa contorna, estilo de vida saudable, intervencións de carácter técnico-profesional e actuacións de natureza material ou tecnolóxica.

3. POBOACIÓN DESTINATARIA

a) POBOACION DESTINATARIA DIRECTA

Grupo/s de poboación

Persoas maiores.

Características

Persoas maiores de 65 anos ou maiores de 60 anos con pensión de xubilación ou viuvez empadroadas no municipio, cun nivel de autonomía que lles permita saír do seu domicilio e necesiten manter e fomentar a relación social coa súa contorna.

b) POBOACIÓN INDIRECTA

As familias das persoas usuarias das diferentes prestacións.

Poboación en xeral.

4. FUNCIÓNS

4.1 PRESTACIÓNS DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

1. Programa Talón Restaurante

Subvención de menús equilibrados para persoas maiores de 65 anos ou maiores de 60 anos pensionistas, con suficiente autonomía para saír do seu domicilio.

As persoas beneficiarias reciben un talonario de entre 10 e 25 bonos para comer nunha rede de establecementos hostaleiros da cidade, o que propicia unha adecuada alimentación e a súa relación coa contorna máis próxima.

2. Programa Estimulación Cognitiva

Estimulación física e cognitiva para persoas maiores en 10 centros cívicos municipais: Monelos, Os Mallos, Elviña, Monte Alto, Rosales, San Diego, Castrillón, Novo Boandanza, Feans e Palavea.

3. Programa de Turismo Social de terceira idade

Prazas gratuítas para viaxar nas quendas programadas polo IMSERSO a través dun convenio deste organismo co Concello.

Favorece o envellecemento activo e o lecer saudable de persoas maiores.

4. Programa Termalismo Urbano

Prazas gratuítas para o desfrute dunha xornada en Termaria-Casa da Auga para persoas coidadoras de persoas dependentes que estean de alta no Servizo de Axuda no Fogar.

4.2 OUTRAS FUNCIÓNS

- Programación, planificación e avaliación anual.
- Información e divulgación das prestacións do programa de promoción da autonomía persoal.
- Rexistro e tramitación de solicitudes.
- Redacción de pregos técnicos para contratación de servizos.
- Coordinación coas empresas contratistas da xestión das distintas prestacións.
- Coordinación co IMSERSO.
- Coordinación cos Centros Cívicos Municipais.
- Redacción, publicación e resolución das convocatorias públicas.

5. AREAS DE RESULTADO CLAVE

- Manter activas ás persoas participantes, para alongar a súa independencia o maior tempo posible.
- Previr ou retardar o posible deterioro cognitivo en persoas maiores.
- Actuar de forma coordinada co IMSERSO, promovendo actividades de lecer saudables destinadas a mellorar a calidade de vida da poboación destinataria do proxecto.
- Proporcionar actividades de lecer a persoas coidadoras.

6. OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Poñer en marcha dúas novas actividades: Estimulación Cognitiva e Termalismo Urbano.
- Manter a rede de establecementos hostaleiros adheridos ao programa Talón Restaurante.
- Continuar traballando a nivel preventivo con grupos de persoas maiores nas novas actividades.
- Chegar ás persoas máis vulnerables debido a súa baixa capacidade económica.

7. RELACIÓN E CALENDARIO DE PRESTACIÓNS	2	0	1	7
1.Talón Restaurante	x	x	x	x
2. Estimulación Cognitiva	x	x	x	x
3. Turismo Social de terceira idade	x	x		x
4. Termalismo Urbano				x

8. CUANTIFICACION DE RECURSOS

8.1. ORZAMENTO ANUAL				
SERVIZOS/PROGRAMAS *(1)*				
▪ **Programa de Servizos Domiciliarios e Atención a Dependencia** ▪ **Programa de Promoción da Autonomía Persoal**				
		IMPORTE		
	2014	**2015**	**2016**	**2017**
ORZAMENTO TOTAL ANUAL (Créditos totais consignados)	**6.837.731,36**	**7.280.393,65**	**7.314.085,89**	8.337.605,16
Variación porcentual	*0,7%*	*6,5%*	*0.46%*	14%
ORZAMENTO EXECUTADO	**6.071.084,94**	**6.513.063,1**	**6.271.985,06**	7.039.796,07
Variación porcentual	*7%*	*7,3%*	*-3.70%*	12,24%
PORCENTAXE DO ORZAMENTO EXECUTADA	*88.78%*	*89.46%*	*85.75%*	84,43%

**Aínda que non se contemplan nesta memoria, o orzamento inclúe: gastos do persoal municipal, mantemento das instalacións, inversión (no seu caso) e gastos correntes de imputación indirecta.*
(1) Especifícase o orzamento dos Servizos Domiciliarios e Atención a Dependencia e do Programa de Promoción da Autonomía Persoal de forma conxunta, xa que as partidas orzamentarias son comúns a ambos os dous.

8.2. RECURSOS HUMANOS						
PRESTACIÓN / ACTUACIÓN	**2014**	**2015**	**2016**	**2017**		
				H	**M**	**T**
TALON RESTAURANTE Persoal Municipal Contrato. Persoal do contratista	 3 2	 3 2	 **3** **2**		**3**	 **3** *2*
TELEGERONTOLOGIA Total persoal municipal Persoal da OMAD TAS en centros cívicos Contrato. Persoal do contratista	 **11** 1 10 2	 **11** 1 10 2	 **11** 1 10 **2**			 ---
ESTIMULACION COGNITIVA Total persoal municipal Persoal da OMAD Personal en centros cívicos Contrato. Persoal do contratista	 --- 	 --- 	 --- 		 8 	 **9** 1 8 8
TURISMO SOCIAL Persoal Municipal Contrato. Persoal do contratista	 3 2	 3 2	 **3** **2**		1	 **1** *2*
Suma total do persoal municipal ***** *Cóntanse sen repetir as persoas adscritas a mais dunha prestación*	**16**	**16**	**16**			**13**
Suma total do persoal do contratista	**6**	**6**	**6**	**12**		

**O total de persoal municipal contabiliza as persoas sen repetir.*

8.3. RECURSOS MATERIAIS
Instalacións propias
Oficina municipal de atención á dependencia, maiores e discapacidade - OMAD
10 Centros Cívicos Municipais
Instalacións de outras entidades
48 Establecementos hostaleiros adheridos ao Programa Talón Restaurante
Aloxamentos hostaleiros e servizos turísticos do Programa de Turismo Social

8.4. RECURSOS TÉCNICOS	
Páxina de Facebook “Coruña Universal”	
Portal Web municipal de servizos sociais	
Soportes documentais específicos	


9. RESULTADOS DA ACTIVIDADE		
Prestación	**Cuantificador**	**Resultado**
1. Programa Talón Restaurante		
	Nº de persoas usuarias do programa	**812**
	Homes	297
	Mulleres	515
	Nº de solicitudes recibidas en 2017	149
	Nº altas de solicitudes pendentes	106
	Nº baixas	62
	Nº denegacións	28
	Por superar requisito de capacidade económica	26
	Por non cumprir requisito idade	2
	Nº de talóns restaurante utilizados	148.282
	Nº de talóns restaurante entregados	163.902
	Nº de talóns restaurante devoltos	15.620
	Nº de establecementos adheridos ao programa	49
2. Estimulación Cognitiva		
	Participantes	**250**
	Homes	39
	Mulleres	211
	Nº de grupos	24
	Centros cívicos nos que se realiza a actividade	10
3. Turismo Social		
	Participantes	**145**
	Homes	46
	Mulleres	99
	Solicitudes recibidas	203
	Nº de turnos	4
4. Termalismo Urbano		
	Participantes	**41**
	Homes	8
	Mulleres	33

10. INDICADORES DA XESTIÓN	Valor			
	2014	2015	2016	2017
Suma total de persoas participantes en actividades terapéuticas, socioculturais e prestacións do programa	**1.308**	**1.358**	**1.363**	**1.248**
Variación porcentual	*12%*	*3,8%*	*0,37%*	*-8,44%*
Homes				390
Mulleres				858
Nº de persoas usuarias de Talón Restaurante	**713**	**732**	**793**	**812**
Variación porcentual	*15%*	*2,7%*	*8,33%*	*2,40%*
Nº de participantes en Telexerontoloxía	**448**	**479**	**423**	**-**
Variación porcentual	*11%*	*6,9%*	*-11,63%*	-
Nº de participantes en sesións individuais	302	330	384	-
Nº de participantes en sesións grupais	78	61	39	-
Nº de participantes en Estimulación Cognitiva	**-**	**-**	**-**	**250**
Nº de participantes en Turismo Social	**147**	**147**	**147**	**145**
Nº solicitudes	**601**	**595**	**426**	**203**
Nº de quendas realizadas	4	4	4	4
Nº de participantes en Termalismo Urbano	**-**	**-**	**-**	**41**


**Os indicadores sen valores en anualidades anteriores son debidos a que están relacionados con acció1ns novas.*
**Os indicadores sen valores na actual anualidade refírense a actividades que deixaron de realizarse.*

11. CONCLUSIÓNS

Este programa presenta variación no seu contido con respecto ao exercicio anterior, e isto fai variar lixeiramente o número de persoas beneficiarias.



Talón Restaurante:



- En 2017 incorpórase unha novidade relativa ao valor do talón para as persoas de rendas máis baixas, repercutindo tanto nas solicitudes novas como nos expedientes xa concedidos. Faise unha revisión e actualízanse todos os expedientes nos que a capacidade económica do titular é inferior ao IPREM.

- O número de persoas beneficiarias crece nun 2,40%, o cal se traduce nun maior consumo de talóns: *127.728 en 2016 e 167.940 en 2017.*

- Continúan resolvéndose positivamente todas as solicitudes que cumpran os requisitos necesarios.

- O programa continúa sendo valorado moi positivamente polas persoas beneficiarias e tamén polo sector hostaleiro.

Estimulación Cognitiva:

- Finaliza o servizo de Telegerontoloxía no mes de febreiro quedando deserto o concurso público, dada a especificidade do programa.

- No seu lugar, a nova actividade de Estimulación Cognitiva, que se desenvolve nos centros cívicos, ten un carácter presencial e profesores especializados. Esta característica fai que e a capacidade de alumnado sexa mais limitada.

- Tanto o nivel de satisfacción das persoas participantes como a coordinación coa empresa contratada foi moi alto.


Turismo Social:

- Trátase dun programa con boa acollida entre o colectivo de persoas maiores da cidade. Recibíronse 203 solicitudes e participaron 145 persoas.

- Como se pode observar na comparativa por anos do cadro 10, o número persoas participantes a penas varía pois está en función do orzamento. O que realmente varía e o número de persoas solicitantes que diminúe progresivamente.

- Concluímos que isto é debido a un maior coñecemento dos requisitos que deriva en menos solicitantes pero tamén nun número menor de solicitudes excluídas. Na convocatoria 2016 houbo 50 excluídas e na de 2017 solo 9.

- Viaxaron o 71% das persoas solicitantes.



Termalismo Urbano:

- Neste ano fíxose como experiencia piloto esta nova actividade que pretende facilitar un espazo de respiro familiar.

- O programa está destinado a familiares que teñan ao seu coidado a persoas en situación de dependencia e sexan beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Coruña.

- O Termalismo Urbano incluíu servizos de talasoterapia e/ou masaxe para persoas coidadoras.

- Levouse a cabo no último trimestre do ano, cunha participación de 41 persoas e con unha moi boa acollida.

12. RECOMENDACIÓNS

12.1 PERSPECTIVAS DE FUTURO

- A promoción da autonomía persoal seguirá sempre vixente en todas as políticas sociais. As acción e servizos orientados neste senso, teñen como obxectivo primordial o retraso e prevención da dependencia, sendo isto un gran logro das políticas sociais.
- Os resultados obtidos nos servizos xa creados fan prever unha continuidade na demanda e no éxito dos mesmos.

12.2 RECOMENDACIÓNS

- Garantir a permanencia das prestacións e actividades do programa pola súa boa acollida e valoración, alta demanda e efecto preventivo, normalizador e innovador.
- Se reitera a necesidade de mellorar o Programa Talón Restaurante, buscando outra vía de pago das persoas beneficiarias nos establecementos hostaleiros, así como o aumento do orzamento.
- Unha demanda en progresivo aumento, unida o incremento do valor do talón, fai necesaria a súa revisión para poder dar resposta á demanda existente.
- Valorar a demanda dos establecementos hostaleiros de incrementar o prezo do menú.
- Consideramos que sería positivo conseguir a estabilidade e continuidade da actividade de Estimulación Cognitiva polo seu carácter preventivo, con canles de derivación desde os/as técnicos/as responsables de intervencións en servizos e programas de servizos sociais.
  Convén analizar tamén se dita actividade permanece neste programa ou incorpórase ao Programa de Actividades Socioculturais nos centros cívicos en anos vindeiros.
- Manter a actividade de Termalismo Urbano e analizar a posibilidade de incorporar outras de carácter preventivo e apoio as persoas coidadoras.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA	
Dirección postal	Dr. Enrique Hervada, Nº 4. Baixo **A descrición detallada da instalación pode ser visualizada na Web de servizos sociais.*
Dirección electrónica	dependencia@coruna.es
Teléfono	981 189 871
Fax	981 189 870